

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	CARBALLO
Edificio	Igrexa de San Xurxo de Artes
Dirección	Lugar da Igrexa, 6. 15109
	43.193260 -8.656399
Protección	
Descrición	Edificio de planta única cunha sancristía apegada ó muro norte do presbiterio. Ten cuberta a dúas augas con cubrición de tella curva do país. No interior posúe unha bóveda de medio punto, sostida por arcos faixóns que van delimitando os diferentes tramos da nave. Un arco triunfal sostido sobre pilastras, dá paso ó presbiterio. A fachada de traza pentagonal e no eixo vertical central, de abaixo arriba conta cunha porta rectangular adovelada. Sobre o ingreso unha xanela rectangular que, ó igual ca porta, ten os marcos moi remarcados. Nos extremos inscríbense, de modo clásico e acentuado a simetría nunha orde xigante, cadansúas pilastras que, tras unha liña de perpiaños, dan paso a unha cornixa flanqueada por pináculos piramidais. E esa cornixa que rompe o vértice da fachada, unha base para unha espadana de dous corpos de recente construción, misturando a pedra da fachada co formigón da espadana. O primeiro corpo formado por dous ocos rectangulares, serven pra aloxa-las dúas campás. O segundo corpo, un frontón triangular, franqueado por dous pináculos piramidais, e rematado por unha cruz de forxa. Como noutras igrexas do rural galego, aparece o cemiterio dentro do recinto do adro, formando un conxunto onde conviven a parroquia dos mortos e a parroquia dos vivos.
Campás	2 campás.
Fotos	1
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
Data	25-09-2022

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	Menor.	LISTE VILLANUEVA, JOSÉ (PARROQUIA DE ORAZO)	1920	65	159
Espadana	Maior.	OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)	1915	75	244

Información completa: [Igrexa de San Xurxo de Artes - CARBALLO \(GALICIA\)](#)

PDF (15-09-2026)